

# CULTURA PARA A VIDA MELLOR

CULTURA E ACCIÓN SOCIAL

## Como podemos colaborar desde a cultura e o ámbito social para mellorar a vida das persoas?

Unha biblioteca, unha asociación, un pequeno espazo cultural ou un servizo municipal poden ser lugares desde os que construír vínculos e facer posible unha vida mellor. Pero como conectar o traballo cultural co de quen acompaña a infancia, a adolescencia e a mocidade ou as persoas maiores, especialmente en situación de vulnerabilidade? Esta xornada propón un encontro entre profesionais da cultura, do ámbito social, da educación e do traballo comunitario para descubrir posibilidades de colaboración desde a proximidade.

Combinaremos experiencias profesionais con conversas e dinámicas en grupos pequenos. Haberá espazo para compartir o que estamos a facer, contrastar dúbidas e dificultades propias e coñecer como traballan persoas doutros ámbitos. Traballar con persoas require rigor, coidado e confianza: falaremos das posibilidades e dos límites, e das condicións que permiten construír relacións continuadas cunha comunidade.

A proposta é levar novas ideas para a túa práctica, ferramentas para iniciar colaboracións e contactos cos que seguir conversando. Porque unha vida mellor constrúese tamén así: con profesionais de proximidade que se preocupan polas persoas, se recoñecen como posibles aliadas e deciden traballar mellor xuntas.

**Sábado 3 de outubro de 2026 · 10:00 a 18:00 h**

Recepción desde as 9:30 h.

**Sala Juanjo Gallo · Deputación da Coruña**

Avenida Porto da Coruña, 2, 6º andar. A Coruña.

Participación gratuíta, con prazas limitadas. Solicitude de inscrición por orde de chegada e confirmación de praza. Podes solicitar asistencia a unha das xornadas ou ás dúas de maneira independente.

**Información e inscrición: [aculturaeundereito.gal/xornadas/](http://aculturaeundereito.gal/xornadas/)**

Organiza:



Inscricións e información en:  
**[aculturaeundereito.gal](http://aculturaeundereito.gal)**

# PROGRAMA

SÁBADO 03 OUTUBRO 2026 · Cultura e acción social

- 09:30 h**      **Chegada e acollida**  
Recepción e acreditación das persoas participantes.
- 10:00 h**      **Benvida institucional**  
A cargo da Área de Cultura da Deputación da Coruña.
- 10:15 h**      **Presentación da xornada e rolda inicial**  
Enfoque, obxectivos e dinámica de traballo. Presentación das persoas e entidades participantes.
- 10:30 h**      **Cultura e acción social: perfís profesionais, claves e condicións para colaborar**  
Diálogo sobre marcos de traballo, metodoloxías e posibilidades de colaboración.
- 11:45 h**      **Do acceso á creación compartida**  
Como construír unha cultura na que todas as persoas poidan participar.  
**Maria Vlachou** é cofundadora e directora executiva de Acceso Cultura, asociación portuguesa que traballa para que todas as persoas poidan participar na vida cultural. A súa mirada sobre a inclusión abrangue as barreiras físicas, sociais e intelectuais, e tamén quen se sente convidado, representado ou parte dun espazo cultural. Achegará a experiencia de como se están a abordar estas cuestións en Portugal para poñela en diálogo coas prácticas e co contexto galego: que dificultades compartimos e que podemos aprender unhas doutras.
- Eva García** é especialista en creación artística comunitaria e mediación con perspectiva de dereitos. É comisaria das Jornadas de Inclusión en las Artes Escénicas do INAEM e responsable da conceptualización e da mediación comunitaria de Ópera Prima, do Gran Teatre del Liceu. A súa experiencia servirá para conversar sobre como se afronta a creación coas comunidades noutros contextos, coas súas aprendizaxes, tensións e límites. Contrastaremos estas cuestións coas experiencias en Galicia e coas condicións de quen traballa desde a proximidade.
- 13:00 h**      **Saída cara ao espazo do encontro informal**
- 13:30 h**      **Petiscos, café e conversa**  
Ata as 15:00 h.
- 15:00 h**      **Regreso á Sala Juanjo Gallo**  
Ata as 15:30 h.
- 15:30 h**      **Os retos compartidos**  
Conversas en grupos pequenos para compartir experiencias e contrastar dúbidas.
- 16:30 h**      **Aprendizaxes, riscos e alianzas posibles**  
Continuamos o traballo compartido para identificar condicións e posibilidades de colaboración.
- 17:30 h**      **Peche da xornada**  
Posta en común. Finalización ás 18:00 h.

Organiza:



Inscripcións e información en:  
**aculturaeundereito.gal**